


CONCURSO CREACIÓN RÁPIDA



BASES

BASES

Obxectivos do concurso

O concurso Facom Fest Foto busca, do mesmo xeito que o festival no que se enmarca, fomentar a creatividade entre o estudiantado galego. Neste caso, procura facelo no ámbito da fotografía, por ser este outro dos puntos clave dos estudos relacionados co audiovisual que se ofrecen en Galicia.

Ademais, tamén pretende que o estudiantado explore, cando menos durante a semana do festival, a súa contorna con outros ollos máis atentos e observadores, para dar resposta á temática que se propón nesta edición do concurso: **o humor**. As fotografías presentadas deberán ser retratos pintorescos ou curiosos do espazo público. Búscanse **imaxes graciosas, estrañas, camp...** Valorarase especialmente a verosimilitude e a espontaneidade do obxecto ou situación retratada.

Descrición e bases do concurso

1. O concurso consiste en realizar unha fotografía na que se aprecien, de xeito libre, referencias á temática anteriormente mencionada.
2. Poderá participar o alumnado matriculado en calquera universidade ou centro de formación galegos, independentemente dos estudos que estea a realizar.
3. Cada participante poderá enviar unha **única fotografía**.
4. A fotografía deberá ter sido tomada entre o **21** e o **27** de novembro ás **23:59** horas, momento no que se pechará o prazo de envío. Todas as fotografías que cheguen despois desa hora non serán tidas en conta.
5. Non é necesario que a fotografía sexa tomada cun equipo profesional: porase máis en valor o significado e a creatividade da imaxe e a súa adecuación á temática que a súa calidade técnica.
6. As fotografías recibidas publicaranse nun carrusel de imaxes nas contas de Instagram do Facom Fest (@facomfest) e do Club de fotografía da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (@clubdefotofacom).
7. Un xurado integrado por membros do Club de fotografía e membros do Facom Fest elixirá as fotografías gañadoras.
8. Outorgaranse dous premios:
 - 1º premio: Vale de 50€ canxeable en cursos da **Escola Unitaria**, patrocinadora do festival.
 - 2º premio: Lote de libros da **Librería Follas Novas**, patrocinadora do festival.
9. A dirección de correo á que se deberá enviar a fotografía é actividades@facomfest.com. Xunto coa fotografía nun formato **.jpg**, a persoa participante deberá achegar os seguintes datos:
 - Nome e apelidos
 - Correo electrónico
 - Teléfono
 - Curso, grao e centro nos que está matriculado
10. A foto gañadora anunciarase o xoves 28, durante a gala de clausura do Facom Fest.